



Peiteiros

Esta parroquia foi coñecida antigamente co nome de Morgadanes como a que segue abaixo segundo se deduce do que sobre aquela díremos; e dacordo con iso sabemos se chamaba xa así en Agosto de 1196. Venera Peptieyros por Patrón tutelar a Sn. Miguel Arcanxo (192), a quen lle celebran a festa o 22 de Setembro. Habitana 180 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 20.000 reais que por enteiro disfruta o Párroco, que ten casa reitoral, igrexario e destros de 14 ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 2 ferrados de trigo, 3 de centeo, 3 de miúdo, 70 de millo e 4 cabazos de viño. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados de miúdo e 217 reais con 29 marabedís. Paga á Mesa episcopal de Tui unha libra de cera. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Nunha escritura de 6 de Decembro de 1541 dise que o Coto de Piñeyro no Val de Miñor era Xurisdición do nobre Señor Tristan de Oia: e este Coto parece é o lugar de Piñeyro na presente parroquia. Dista de Tui 2 leguas menos cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 501-502).





Igrexa parroquial

A súa orixe é románica, do século XII. Foi reconstruída no século XVIII usando elementos orixinais románicos da igrexa primitiva, probablemente do século XII.

No século XX sufriu moitos danos na nave e na espadana a causa dun temporal, e o párroco, D. Manuel Cabaleiro, tivo que organizar a súa reconstrución.

O **templo** (191) presenta planta de cruz latina, á que se lle adosaron pola fachada Norte dous corpos: un xunto ao cruceiro, para facer a sancristía, e outro aos pés da nave, para a torre do campanario.

A **portada** (193) está formada cos restos da antiga igrexa románica.

Ten arco semicircular con tres arquivoltas. As exteriores apoian en dous pares de columnas. A interior sobre xambas. A arquivolta exterior adórnase con chambrona de billetes. A do medio ten estrelas de seis puntas e cordón. A terceira é baquetonada sobre o **tímpano** (194).

Este, de pedra granítica distinta, amosa unha representación do Calvario, co Cristo Crucificado no centro, e, aos lados, a Virxe e S. Xoán.

As columnas son de fuste monolítico. Os seus basais presentan o plinto decorado con casetóns rectangulares. Os **capiteis** exteriores son de ornamentación vexetal. Os interiores, figurados con cabezas de home. Ábacos curvos e sen decoración.

As **ménsulas das xambas** decóranse cara ao exterior con cruces e, cara á porta, con rostros humanos (195).

Os dados nos que se apoian as columnas teñen a mesma altura que o zócalo perimetral.

No centro da portada, enriba da porta, hai un **rosetón** de boa factura (196).

O remate é con capeado e no centro un **carneiro coa cruz** (197) no seu lombo. De factura recente. No caso de ser orixinal esta figura probablemente estaría como antefixa do muro leste na primitiva igrexa románica.

A torre, de planta cadrada, divídese en dous tramos. Remata en torre de ocos semicirculares para catro caras, con balaustrada granítica en cada un deles. Cerra en almeado e cuberta de pedra troncopiramidal de oito caras, rematada en bulbo e cruz. Esta cruz sería orixinariamente o remate do pincho da fachada oeste.





Os muros laterais e posterior flanquéanse con pilastras e teñen recercado. Rematan en pináculos.

As fiestras son rectangulares e abucinadas para o interior e o exterior.

A **nave** ten bóveda de canón con arcos formeiros de capitel liso e divídese en tres corpos. Está encalada.

Tamén son de canón as bóvedas do cruceiro e sancristía.

A bóveda da ábsida é de aresta sobre catro pilastras con capitel liso.

Na actualidade conserva tres retablos.

O **maior** (198), que ocupa o centro do paramento da ábsida. Pode que soamente sexa a rúa central dun retablo máis amplo. No centro do banco ten o Sagrario coa porta decorada cunha custodia.

A continuación, unha gran fornela de arco de medio punto, acolle a figura do Patrón sobre unha escalinata. Para darlle máis resalte adiántase sobre dúas columnas que apoian os seus pedestais na mesa do altar. Neles, en relevo, represéntase a S. Pe-



dro e S. Paulo. A columna divídese por medio de anel. A parte inferior, aproximadamente un tercio da columna, adórnase cun relevo xeométrico; o resto, con estrías.

No segundo corpo, outra fornella máis pequena, con outro San Miguel, e dúas columnas adiantadas, estas sen división e estriadas, para soste o entablamento de remate, con florón e representación do Espírito Santo. Ten pináculos aos extremos.

Non é a única duplicidade existente a das dúas imaxes de **S. Miguel** (199), senón que o Sagrario tamén ten sobre si outro sagrario.

En cada un dos brazos do cruceiro hai o seu retablo: o do **Rosario** (200) e o do **Carme** (201). Este é o mellor de todos. Aínda que a súa restauración non sexa a máis adecuada.



Cruceiro de S. Miguel (203)

É de fuste octogonal. Sobre o sinxelo capitel, por un lado unha fermosa Piedade (204), na que a Virxe colle a man do Cristo morto, e polo outro o Cristo Crucificado, que ten partidas as pernas (202).

FESTAS E ROMAXES DE PEITIEIROS

- Sábado anterior ao 13 de maio: Primeiras comuñóns e alfombras florais.
- 2º domingo de Setembro: A Virxe dos Milagres.
- 29 de Setembro: S. Miguel